

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CULTURAL "AMIGOS DA CAPELA DE NOSA SEÑORA DE ARXÁN"

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1º.- Procédese a adapta-los Estatutos da Asociación denominada ASOCIACION CULTURAL "AMIGOS DA CAPELA DE NOSA SEÑORA DE ARXÁN", con nº. no Rexistro Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro 4.981 e C.I.F. G15707912.

2º.- A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

- a.- Potenciar a investigación do pasado histórico local.
- b.- Divulgar acontecementos e datos documentados do propio ámbito
- c.- Concienciar e educar na estima e valoración do pasado da aldea
- d.- Recuperar a Casa dos Capeláns para fins socio-culturais.

Artigo 3º.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organiza-las seguintes actividades:

- a.- Realización de Semanas Culturais en relación a temas do pasado da zona.
- b.- Celebración dun encontro de descendentes das vítimas napoleónicas de 1809.
- c.- Elaboración de páxinas informativas sobre temas históricos ou etnográficos.
- d.- Recuperación da Casa dos Capeláns para biblioteca e local de exposicións.

Como Asociación sen ánimo de lucro destinaras e ós devanditos fins polo menos o setenta por cento das rendas netas e outros ingresos que se obteñan por calqueira concepto, exceptuándose as aportacións efectuadas en concepto de dotación patrimonial. Os asociados e familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de O Vilar - S. Cristovo de Mesía, Concello de Mesía, R/ Torre, nº 3. C.P. 15685, Teléfono 981-199865.

Poderánse utilizar outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva. Para os efectos de comunicacións e notificacións sinálanse como preferentes as seguintes direccións:

Domicilio: A Igrexa, nº 12. Localidade: Visantofña, Concello de Mesía. C.P. 15685.

Teléfonos: 981-694164 619-772-208.

Correo electrónico: guacam@terra.es

Artigo 5º.- A Asociación en función dos seus fins e ubicación do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial local e comarcal.

Artigo 6º.-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II

DOS SOCIOS

Artigo 7º.- Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Que se respete o principio de igualdade dos socios sen discriminacións
- b. Que se acepte o dereito e liberdade á nosa propia lingua e cultura.
- c. Que se asuma e respete a peculiaridade da cultura rural

Artigo 8º.- Dentro da Asociación poderán existirlas seguintes clases de asociados:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a Acta Fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscripción da acta fundacional.
- c) Honorarios, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.
- d) Infantís, aquelas persoas menores de 18 anos que participen na Asociación, que estarán integradas na sección infantil, no seu caso

Artigo 9º.- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder eleixir e ser eleixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Disfrutar de todas as vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxerencias ós membros da Xunta Directiva en orde a melloralo cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación todos os anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 10º.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Prestar cantos servizos determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeñalos cargos para os que foron eleixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisfacer as cuotas que se establezan
5. Observar unha boa conduta individual e cívica
6. Cumprilos acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos

Artigo 11º.- Os asociados e asociadas honorarios e infantís non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida. No caso de menores de idade e persoas que actúen a través de representante, a solicitude deberá ser autorizada polo representante, pai ou tutor do solicitante e se acompañará unha acreditación da identidade do solicitante.

Artigo 13º.- A condición de asociado pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cuotas.
3. Por realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses da Asociación
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- A expulsión de asociados e asociadas será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado/a. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asamblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recurrir ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/dunha asociado/a, éste/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cuotas que teña pendentes.

Artigo 15º.- Os asociados/as poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun asociado cando se esté tramitando un expediente sancionador, ou concurran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o retraso no pago dalgunha cuota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO III DOS ORGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 16º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas polo Presidente, a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 17º.- O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

O Presidente será designado pola Asamblea Xeral entre socios que teñan polo menos 1 ano de antigüedad e o seu mandato durará 4 anos.

Artigo 18º.- A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e tres vocais, cargos que deberán recaer en socios/as que leven polo menos un ano na Asociación.

Artigo 19º.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen perxuízo do dereito a ser reeembolsados dos gastos debidamente xustificadas, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por sí mesmos ou por persoa interposta.

Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 4 anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto si se trata de renuncia voluntaria.

Artigo 20º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asamblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asamblea Xeral, fixa-las cuotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asamblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asamblea.

Artigo 21º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente ou o Vicepresidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus

compoñentes. Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por este orde, e, a falta de ambos, polo membro da Xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de seis dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que á propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de recabar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdoblen en subcomisións.

Artigo 23º.- A Asamblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O Presidente e o Secretario da Asamblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 24º.- A Asamblea reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez o ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizaras e por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 25º.- A Asamblea Xeral reunirse necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asamblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a Presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da Asociación para as Assembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as Assembleas extraordinarias.

Artigo 26º.- Serán competencias da Asamblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das contas.

Artigo 27º.- Serán competencias da Asamblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da Asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.
10. As que sendo de competencia da Asamblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave perxuízo para a Asociación.
11. Tódalas non conferidas expresamente á Asamblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 28º.- Para que as Asambleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados/as asistentes, sempre que concurran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 29º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados 1 e 7 do artigo 27, que requirirán maioría de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asinará o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asamblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asamblea Xeral e aprobada por maioría.

Artigo 30º.- Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores abrigarán a tódolos/as asociados/as, incluso ós/as non asistentes.

As sesións abrirán cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asamblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a plantexa-la orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a facer un turno de rogos e preguntas e adopción de acordos, o que conc1uído, se levantará a sesión por parte do Presidente.

Artigo 31º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recurridos en reposición perante a Asamblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recurrir perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 32º.- O Presidente da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º, as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñe-lo plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordea-los pagamentos acordados válidamente.
- d) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- e) Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co Secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento do que se trate.

O Presidente será asistido na súas funcións por un Vicepresidente, que ademais o substituirá nos casos de vacante ausencia ou enfermidade

Artigo 33º.- O Secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle así mesmo notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do Presidente.

Ó Secretario correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto.

Artigo 34º.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá a contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, participando en tódalas operacións de orde económica.

O Tesoureiro ten a obriga de proceder ó peche do exercicio presupostario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asamblea ordinaria.

Artigo 35º.- Os vocais no número que determine a Asamblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36º.- A Asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de vinte e catro mil euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 37º.- A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asamblea Xeral ordinaria.

Artigo 38º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cuotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cuotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asamblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º.- As cuotas ordinarias acórdanse pola Asamblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algún e adicándose a atender as necesidades da Asociación.

Artigo 40º.- Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asamblea Xeral ordinaria, que deberá aprobarlo ou censuralo.

Artigo 41º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asamblea Xeral ordinaria.

Artigo 42º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o Presidente e o Tesoureiro, para a utilización conxunta deles.

Artigo 43º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola Asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 44º.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 45º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou 1/4 dos socios. A convocatoria da Asamblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaría as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a

documentación da citada Asamblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 46º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos $\frac{2}{3}$ dos membros da Asamblea Xeral de socios.

Artigo 47º.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas $\frac{2}{3}$ partes dos mesmos/as.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asamblea Xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto co/a Presidente co/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49º.- O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou similares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Os presentes estatutos modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 16/05/04 sono para cumprir cos requisitos establecidos na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

